



## TÍTULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

### Principios técnicos e metodolóxicos da conservación-restauración

Departamento: Principios de conservación de bens culturais

Formación básica	Curso: 1º	1º Cuadrimestre	7 ECTS
------------------	-----------	-----------------	--------

Teórico-Práctica

Profesoras: Ángela López García / Susana Ara Poceiro

alg@edu.xunta.gal / susanaara@edu.xunta.gal

Horario: 8 horas semanais

#### DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Introdución teórico - práctica ás técnicas básicas de CR e ós criterios de intervención. Equipamento, instrumental e materiais para a CR. Manexo de ferramentas e prevención de riscos no taller. Criterios básicos en función do emprazamento, significado e uso. Criterios e metodoloxía de conservación e restauración. Estudo das alteracións máis frecuentes dos bens culturais para establecer diagnósticos e propostas de tratamento. Elaboración de informes.

#### COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara ao propio desempeño profesional. E interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.

#### COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X3	Recoñecer e identificar as alteracións do ben cultural e as causas de seu deterioro para avaliar o estado de conservación.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de prevención, conservación e/ou restauración máis axeitado.
X6	Acadar coñecementos críticos sobre a metodoloxía, estratexias de actuación, tratamentos e emprego de materiais para a conservación e a restauración
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración
X8	Desenvolver habilidades, destrezas e sensibilidades para aplicar e realizar os tratamentos de conservación e restauración



X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o medio
X16	Avaliar a eficacia dos tratamentos realizados.
X18	Documentar calquera dato derivado do estudo e proceso dos tratamentos de conservación e restauración que contribúa a facilitar a comprensión e coñecemento do ben cultural
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA	
Coñecer a metodoloxía e léxico fundamental relacionado coas técnicas básicas de conservación-restauración	
Coñecer os diversos métodos de rexistro, documentación, estudo e análises aplicables aos bens culturais.	
Esbozar un programa de traballo	
Elaborar un informe básico de conservación e restauración	
Relacionar os conceptos teóricos das alteracións cos factores posibles de degradación, e identificación dos danos.	
Coñecer os produtos e metodoloxía de aplicación dos tratamentos fundamentais e máis frecuentes	

UNIDADES DIDÁCTICAS	
Unidades	% no total da materia
1. Conceptos xerais de conservación- restauración	5%
2. Factores, procesos e causas de alteración dos bens culturais	25%
3. Produtos e materiais empregados na conservación-restauración dos bens culturais	15%
4. O taller de restauración. Montaxe do laboratorio. Seguridade e hixiene no traballo. Produtos químicos. Prevención de riscos laborais.	15%
5. Introducción á práctica dos principais tratamentos na conservación-restauración dos bens culturais.	20%
6. Fases do traballo. Elaboración de informes de conservación-restauración.	10%
7. Métodos de documentación, exame e diagnose.	10%

PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introdutorias	1		1
Sesións maxistras	50		50
Resolución de problemas ou exercicios	8	11	19
Traballos prácticos tutelados	85		85
Estudo e/ou traballo autónomo		20	20
<b>Total</b>	<b>144</b>	<b>31</b>	<b>175</b>



### METODOLOXÍA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado
Sesións maxistras	Exposición dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e directrices dos traballos ou exercicios propostos. Coñecemento das bases teóricas da materia, sobre as que construír as prácticas individuais e outras, utilizando as sesión maxistras e outras ferramentas aportadas: - Apuntes - Literatura científica - Tutorías didácticas
Resolución de problemas ou exercicios.	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Traballos tutelados e prácticas	Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición das habilidades básicas. Resolución de problemas e exercicios. Actividades na que se formulan problemas a partir dos cales o alumno debe desenvolver o análise e a resolución dos exercicios. Resolución de propostas e exercicios, de forma cooperativa, a partir de propostas.

### SISTEMAS DE AVALIACIÓN

Método	Criterios	% avaliación
Probas escritas	- Aplicación dos coñecementos adquiridos - Corrección no desenvolvemento do exercicio	50 %
Traballos tutelados e prácticas	- Calidade: rigor técnico. - Grao de aplicación de conceptos teóricos. - Corrección no desenvolvemento do exercicio.	25 %
Observación sistemática a través do seguimento do traballo na aula-taller	-Asistencia a clase, participación activa en debates e prácticas. -Propostas, interese, asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos. - Calidade no traballo. - Responsabilidade no traballo. - Capacidade de organización. - Cumprimento prazos de entrega.	25%
<b>Total</b>		<b>100 %</b>



## OUTROS COMENTARIOS Á AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Dado o carácter práctico da materia, a asistencia é necesariamente obrigatoria.

A non asistencia ás clases implicará a imposibilidade do desenvolvemento correcto da materia, repercutindo necesariamente na cualificación e na perda da avaliación que se realiza de modo continuo ao longo do curso.

Avaliarase así, de forma continuada, o progreso no proceso de aprendizaxe, incluíndo este proceso todos os resultados acadados no traballo de clase (realización de todas as prácticas, exercicios ou traballos dentro do calendario e prazos estipulados), e nos exames propostos ao longo do curso.

Ao rematar o curso, na convocatoria ordinaria, se realizará un exame final que servirá de recuperación parcial/total segundo as partes non superadas.

A avaliación ordinaria poderá incluír a realización de probas específicas finais, ademais das probas e procedementos recollidos dentro da aplicación da avaliación continua.

En relación coa asistencia a clase, perderá o seu dereito a avaliación continuada aquel alumno que teña un número de faltas que sexa igual ou superior ó 20% de horas totais da materia.

No caso de perda de avaliación na convocatoria ordinaria por causas xustificadas, o departamento poderá establecer, unha vez estudado o caso, a posibilidade de probas alternativas.

Os alumnos que non a superaran a convocatoria ordinaria terán a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.

De cara á avaliación extraordinaria, o alumno terá que realizar unha proba escrita e, unha vez superada esta, unha proba práctica da materia. Ademais deberá entregar as prácticas do curso.

### ATENCIÓN PERSONALIZADA

Ofrecese titorías ó alumnado durante todo o curso. As titorías docentes terán un horario específico establecido para esta finalidade.

### BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- Calvo Manuel, A. Conservación y restauración de la A a la Z. Del Serbal, Barcelona, 1997.
- Fernández Arenas, J. Introducción a la conservación del patrimonio y técnicas artísticas. Ed. Ariel.
- La Conservación de los Bienes Culturales. UNESCO, 1969.
- Gómez González, M<sup>a</sup> Luisa. Examen científico aplicado a la conservación de obras de arte. Ministerio de Cultura, 1994.
- Hidalgo Cuñarro, J.M. (coord.). Coloquio internacional: la conservación preventiva de bienes culturales. Servicio de publicaciones de la Excm. Diputación Provincial de Pontevedra, 1997.
- Perussini, G. Introducción a la Restauración. Historia, teorías, técnicas. Udine. Del Bianco Editor, 1985.